Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 2 DE NOVEMBRO DE 2026 | LUNES, 2 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 209

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, designación do tribunal cualificador e convocatoria das probas para selección dun auxiliar administrativo/a notificador/a grupo: C, subgrupo: C2

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E CONVOCATORIA PROBAS. BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA SELECCIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A NOTIFICADOR/A GRUPO: C, SUBGRUPO: C2, QUENDA LIBRE: CONCURSO-OPOSICIÓN; CLASIFICACIÓN: ADMINISTRACIÓN XERAL/AUXILIAR. OEP 2026.

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/001055

EXPEDIENTE ORIXEN: 2026.E001.000006

ANTECEDENTES:

Primeiro. Mediante Resolución da Alcaldía número 678/2026, do 2 de xullo de 2026, aprobáronse as bases que rexen a convocatoria para a cobertura definitiva, en propiedade, mediante o sistema de concurso-oposición libre, dunha praza de auxiliar administrativo/a notificador/a do Concello de Cee.

Segundo. As bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 127, do 8 de xullo de 2026, e o anuncio da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial do Estado número 171, do 15 de xullo de 2026.

Terceiro. Mediante Decreto número 874/2026, do 3 de setembro de 2026, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas e abriuse un prazo de dez días hábiles para a emenda das causas de exclusión. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 172, do 9 de setembro de 2026.

Cuarto. Dentro do prazo concedido, ***2952** e ***1066** presentaron correctamente a documentación requirida e emendaron as causas que motivaran a súa exclusión provisional. ***0317** non emendou os defectos advertidos.

Quinto. De acordo coa base quinta, na resolución que aprobe a listaxe definitiva deben designarse os membros do tribunal cualificador e determinarse a data, o lugar e a hora da súa sesión constitutiva e do inicio da primeira proba do proceso selectivo.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas

DNI	INICIAIS
***3995**	ACS
***3721**	AFL
***2308**	AGB
***2049**	ALH
***0145**	APC
***2952**	ART
***0737**	CDC
***7214**	CGV
***1407**	CMV
***3568**	CSC
***2908**	CSV
***0524**	DEC
***9402**	DRM
***0816**	DVSE

Número de anuncio 2026/7005

DNI	INICIAIS
***0030**	EDPP
***2826**	EGG
***8557**	ESG
***0218**	FCL
***3046**	GRA
***1779**	IGT
***3714**	JTL
***0838**	LPF
***8919**	LVC
***5571**	MACL
***0338**	MCCD
***0060**	MLTV
***2621**	MRRL
***1066**	MXLM
***4081**	NMV
***1924**	NVS
***1270**	OAF
***6198**	OBN
***1159**	PQP
***3632**	RCT
***5572**	RLLL
***0042**	RPG
***8268**	SAM
***8961**	SCG
***1451**	SMT
***3028**	TDDP
***7728**	XXDO

SEGUNDO. Aprobar a listaxe definitiva de persoas excluídas

DNI	INICIAIS	MOTIVO
***0317**	MOC	Non emendou no prazo concedido a falta de presentación da instancia no modelo do ANEXO I nin a acreditación da titulación esixida.

TERCEIRO. Designar o tribunal cualificador

Nomear as seguintes persoas como membros titulares e suplentes do tribunal cualificador:

Presidente	Angelina Blanco Rial
Suplente Presidente	Victor Manuel Castiñeira Castro
Secretario	Juan Carlos Santabaya Louzán
Suplente Secretario	Rosa María Fernández Canosa
1º Vogal	Rocío Hermida Cancela
Suplente 1º Vogal	Rosa Ana García Fernández
2º Vogal	Jesús Roget Salgado
Suplente 2º Vogal	Paula Fernández Cores
3º Vogal	Francisco Javier Landeira Rial
Suplente 3º Vogal	Manuel Calo Canosa

Número de anuncio 2026/7005

Facer constar expresamente que toda as persoas integrantes do tribunal cualificador participan nel a título estritamente individual, atendendo á súa cualificación e condición profesional, e non en representación de ningunha entidade, organización ou interese alleo ao propio órgano de selección.

CUARTO. Convocar o tribunal para a sesión constitutiva e realización da fase de concurso.

Convócase o tribunal cualificador o día **26 de outubro de 2026, ás 10:00 horas**, nas oficinas da primeira planta do Concello de Cee, Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, Cee, para a súa constitución e para a realización das actuacións preparatorias do proceso selectivo.

QUINTO. Convocar as persoas aspirantes admitidas para o primeiro exercicio da fase de oposición

Convócanse todas as persoas aspirantes definitivamente admitidas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o día **4 de novembro de 2026, ás 10:00 horas**, na terceira planta da Casa da Cultura de Cee, Avenida de Don Lino Rodríguez Madero, 23, Cee.

As persoas aspirantes deberán comparecer provistas dun documento oficial válido que acredite a súa identidade. O chamamento será único e realizarase nos termos previstos nas bases da convocatoria.

SEXTO. Publicidade e notificación

Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cee. A publicación producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas, sen prexuízo dos demais trámites que procedan.

SEPTIMO. Recursos

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdicional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se considere procedente.

OITAVO: Darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, o 19 de outubro de 2026.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria Municipal Acumulada, Dª ROSA ANA GARCÍA FERNÁNDEZ

(RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL 29.09.2026)

2026/7005